



RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE MODIFICA O PROCEDIMENTO PARA O RECOÑECEMENTO DE COMPETENCIAS NAS TITULACIÓNS DE GRAO E MASTER (r.r. de 15 de abril de 2011 modificada por r.r. do 12/11/2012 -corrección de erros do 26/11/2012-)

Por resolución do 15 de abril de 2011 establécese o procedemento para o recoñecemento de competencias para as titulacións de grao e máster. Posteriormente devandito procedemento viuse modificado por resolución do 12 de novembro de 2012 en base a unha proposta da Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos.

Nesta resolución non se contemplou que tamén poidan recoñecerse as materias non adaptadas aos alumnos que as cursaran na titulación que foi substituída pola que está a cursar. Asemade, aprovéitase para precisar o alcance do recoñecemento de créditos optativos.

E é por isto, e vista a proposta da Comisión Xeral de Validacións e Recoñecementos, que esta Reitoría,

RESOLVE:

ÚNICA. - *Modifícase a resolución reitoral do 15 de abril de 2011 pola que se establece o procedemento para o recoñecemento de competencias para as titulacións de grao e máster, modificando o apartado 5 do artigo cuarto ao que quedando do xeito seguinte:*

"5.- No caso de materias cursadas nunha titulación de grao ou nas titulacións oficiais de 1º e 2º ciclo anteriores ao RD 1393/2007, doutra universidade que non se atopen en ningún dos casos establecidos nos parágrafos anteriores -non sexan nin materias de formación básica nin existan competencias recoñecibles no plan de estudos de destino-, e sempre que se trate dos mesmos estudos ou titulacións equivalentes e da mesma rama de coñecemento, as citadas materias poderán ser recoñecidas por créditos optativos coa mesma denominación e número de créditos que en orixe.

Para estes recoñecementos será necesaria a petición expresa do interesado na que indique cal ou cales materias pretende recoñecer, así como o informe favorable da comisión de validacións do centro.

En ningún dos supostos regulados neste apartado 5 se poderán recoñecer mais créditos que os que lle resten ao interesado para completar os créditos optativos da titulación."

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 2013

O Reitor,



Juan J. Casares Long